



UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL

11 MAR. 1994

Nº 1428

SAÍDA

Os planos de estudos aprobados consonte ó disposto no Real Decreto 1497/87 sobre Directrices Xerais Comúns e as respectivas Directrices Xerais Propias, establecen que para superalas ensinanzas conducentes á obtención dun título os alumnos, ademais de superar tódalas materias troncais e as que estableza a Universidade, deben superar materias de libre configuración cun mínimo do 10% da carga lectiva total do plano de estudos.

A Universidade de Santiago de Compostela no seu acordo da Xunta de Goberno do 16 de xuño de 1993 (D.O.G. do 3 de decembro) estableceu que poderán ser de libre configuración curricular "tódalas materias que compoñen os planos de estudos vixentes na Universidade", coas excepcións que estableza a Xunta de Goberno.

Os créditos de libre configuración poderán acadarse, ben formalizando matrícula e superando as materias, ou ben solicitando o recoñecemento a tales efectos de materias xa cursadas e superadas, xa sexa nesta ou noutra Universidade. O único requisito para o recoñecemento como de libre elección de materias xa superadas é que estas teñan o carácter de materias universitarias, e este carácter soamente o teñen aquelas materias que compoñen planos de estudos conducentes a titulacións oficiais.

O procedemento de recoñecemento de materias, segundo o acordo do Consello de Universidades anexo ó Real Decreto 1497/87 citado, será o de validación. No dito acordo o Consello de Universidades establece expresamente, tanto para as validacións conducentes o mesmo título como para distinto título oficial, que serán validadas "en todo caso, los créditos correspondientes a las materias de libre elección por el alumno en orden a las flexible configuración de su curriculum".

Por outra banda e tendo en conta que a solicitude de recoñecemento pode solicitarse respecto de materias de planos previos á reforma, é necesario face-la equivalencia en créditos da carga lectiva dos ditos planos.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU

PRIMEIRO.- RECOÑECIMENTO DE MATERIAS XA SUPERADAS COMO DE LIBRE CONFIGURACIÓN CURRICULAR.

Recoñeceranse como de libre configuración curricular as materias xa superadas polos alumnos noutros planos de estudos xa se impartan nesta ou noutra Universidade.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## SEGUNDO.- PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO.

1.- Previa solicitude de recoñecemento, esta será tramitada polo procedemento de validación.

Se a materia reúne as condicións de estar superada e forma parte dun plano de estudos conducente a unha titulación oficial, o recoñecemento será de plano, non sendo necesaria a petición de informe ás Comisións Académicas.

2.- O recoñecemento de materias como de libre elección ó ter o caracter de validación reportará ós prezos públicos nas condicións que estableza a norma reguladora de prezos públicos por servizos académicos universitarios.

## TERCEIRO.- DOCUMENTACIÓN.


Nos supostos de que se solicite o recoñecemento de materias cursadas e superadas noutras Universidades, os solicitantes deberán aportar certificación académica na que se reflicten o número de créditos das materias das que se solicita o recoñecemento.

## CUARTO.- EQUIVALENCIA EN CRÉDITOS DE MATERIAS DE PLANOS PREVIOS Á REFORMA.

1.- As materias que compoñen os planos de estudos previos ó Real Decreto 1497/87 recoñécense cunha carga lectiva en créditos que se especifica para cada unha delas no anexo á presente resolución.

2.- Nas certificacións nas que figuren materias ás que se refire o apartado anterior poderase reflecti-lo número de créditos que mediante esta resolución se recoñecen.

Santiago, 11 de marzo de 1994



O RECTOR

Ramón Villares Paz

- SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA
- SR. VICERRECTOR DE PLANOS DE ESTUDIOS
- SR. SECRETARIO XERAL
- SRES. DECANOS E DIRECTORES
- SR. VICEXERENTE DE LUGO
- SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
- SRES./A. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA